



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal

**R. E. L. nº 01150294**

## **ACTA DO TRIBUNAL**

Sendo as 10:00 horas do día 26.10.2020, en primeira convocatoria, reúnen os membros do Tribunal de selección para a provisión do posto laboral temporal por interinidade de arquitecto técnico do Concello de Coristanco, para a súa constitución e realización da Fase de Concurso prevista na base 11.1 das que rexen a convocatoria.

Comparecen os seguintes membros do tribunal:

- Presidenta: D<sup>a</sup> Cristina Carrión Rodríguez; enxeñeira técnica, funcionaria grupo A2 , grupo de Xestión da Xunta de Galicia.
- 1<sup>o</sup> Voceiro Suplente: D. Alfonso Portela Martínez, arquitecto técnico do Concello de Ares.
- 2<sup>o</sup> Voceira : D<sup>a</sup> Nelly Gato Novo, arquitecta técnica do Concello de Arteixo.
- 3<sup>o</sup> Voceira suplente: D. Ramón Couce Blanco, arquitecto técnico do Concello de Valdoviño
- Secretaria: D<sup>a</sup> Elena González López, secretaria do Concello de Coristanco.

A vista do anterior, e ao abeiro da base 10.3 das que rexen a convocatoria, o Tribunal constitúese válidamente.

A secretaria do Tribunal procede a lectura do contido da base 10 das que rexen a convocatoria onde se describe en qué consiste a Fase de concurso.

A continuación, constituído o Tribunal e a vista das instancias e documentación presentadas o Tribunal determina por votación os seguintes criterios interpretativos en coherencia co texto das Bases e mais a lei e xurisprudencia aplicables:

### 1) Titulación:

- As bases asignalle unha puntuación de 2 puntos ao aspirante que estea en posesión do Grao en arquitectura "ou equivalente". O Tribunal consulta ao Colexio oficial arquitectos técnicos provincial da Coruña, qué titulación é equivalente a de "Grao en arquitectura", ao que lle contestan que non existe equivalencia, que podese interpretar esa referencia como feita a xa extinta titulación de "Arquitecto".



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal

**R. E. L. nº 01150294**

- Neste mesmo sentido, o grao de Enxeñeiro técnico de edificación, ao ser un título equivalente ao de "Arquitecto técnico" non ao "Grao de Arquitectura", non se valora como grao equivalente a este.

## 2) Formación:

- Os cursos impartidos por entidades non homologadas non se valoran.
- Os títulos de institucións non nacionais ou non traducidos ao non poder concretarse homologación non se valoran. Poderase achegar homologación no trámite de subsanación e alegación.
- Os cursos de idiomas e ofimática non se valoran como formación ou perfeccionamento específico para o desenvolvemento do posto, polo tanto non se valoran.

## 3) Experiencia laboral:

- As bases sinalan que para a valoración dos servizos en empresa privada poderase *"achegar vida laboral emitida pola Seguridade Social, acompañada de contratos, nóminas ou calquera outro documento válido en dereito que especifique e aclare os traballos que se reflicten na vida laboral"* (Base 11.1 B)

En consecuencia, enténdese potestativa a achega da vida laboral, con todo o tribunal acorda que é imprescindible achegar os contratos e en caso de achegar unicamente vida laboral non se considera acreditada a experiencia.

Os aspirantes que haxan aportado contratos nos que non se acredite xornada laboral (parcial ou completa) deberán achegar vida laboral no trámite de audiencia para poder ser avaliados, noutro caso se desbotará este mérito.

Os aspirantes que haxan aportado só a vida laboral pero ningún documento contractual ou equivalente, deberán achegar os contratos no trámite de audiencia para poder ser avaliados, noutro caso se desbotará este mérito.

- Só se valorarán servizos prestados con posterioridade á obtención do título de aparellador técnico e en traballos feitos coa dita categoría profesional.

- Os traballos realizados en prácticas valoraránse da seguinte maneira: se as aspirantes son contratadas mediante contrato en prácticas ou por empresas mediante convenios con Universidade en todo caso posteriores a obtención do título, e están reflictidos na vida laboral, acreditan experiencia como aparellador

No caso de que se trate de prácticas formativas, nos que a persoa aspirante



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña

Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal

**R. E. L. nº 01150294**

non desenvolvera traballos que exisan a súa sinatura non se consideran experiencia laboral, como tampouco se valorarán as prácticas que formen parte da programación académicas conducente para a obtención do título de arquitecto técnico, nin como experiencia nin como formación.

- A experiencia profesional impartindo cursos de formación non se consideran funcións propias do posto de arquitecto técnico polo tanto non se valora.

- A experiencia laboral en traballos como profesional liberal autónomos (RETA) ou na mutualidad propia da profesión (PREMAAT), non se valoran. A dificultade de encaixar este tipo de experiencia nas bases que rexen a convocatoria ao non estar expresamente incluída, e a dificultade de acreditar un mínimo de traballo efectivo de 30 días de servizos para a puntuación no apartado de experiencia laboral na empresa privada son o motivo da dita decisión.

4) Con carácter xeral, o Tribunal detecta varias solicitudes incompletas das que non se pode deducir ou ben a experiencia ou ben a formación.

As bases da convocatoria non dispoñen nada ao respecto, con todo o Tribunal considera que é preciso abrir un período de alegacións ou achega de documentación complementaria para que as aspirantes podan achegar a documentación que permita aclarar estes extremos.

Consultada a xurisprudencia, entende que é aplicable a doutrina do Tribunal Supremo segundo a cal:

*a) "sen negar o carácter vinculante que posúen as bases de calquera convocatoria, debe reiterarse que a súa interpretación e aplicación debe facerse sempre no sentido máis favorable á maior efectividade do artigo 23.2 CE e, en consecuencia, deberá ser rexeitada calquera aplicación das mesmas que conduza a un resultado que non sexa compatible co dereito recoñecido no precepto constitucional que acaba de mencionarse. E esta clase de resultado será de apreciar cando a estrita aplicación dunhas bases dificulten o acceso á función pública en virtude de criterios carentes de racionalidade, cunha desproporción manifesta ou derivados de feitos que non sexan imputables ao aspirante que sufriría a exclusión".*

*(Sentenza do Tribunal Supremo do 27 de maio de 2010 ( casación 1719/2007 )*

*b) "En relación co que antecede, convén subliñar que certamente os participantes en procesos selectivos están obrigados a cumprir coas*



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña

Tif. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal

**R. E. L. nº 01150294**

*bases da convocatoria e recae sobre eles a carga de achegar a documentación nos termos que establezan ditas bases, xa que así resulta conveniente para que o funcionamento deses procesos sexa igual para todos os participantes e desenvólvese coa normal regularidade que esixe o principio constitucional de eficacia administrativa ( artigo 103 CE ).*

*(Sentenzas do 14 de setembro de 2004 (recurso 2400/1999 ), e sentenza do 4 de maio de 2009 (recurso 5279/2005 )*

*Pero debe destacarse tamén que eses criterios de racionalidade e proporcionalidade, que antes se apuntaron, non permiten valorar como incumprimento das repetidas bases aqueles comportamentos dos aspirantes que non respondan a unha resistencia para observalas, senón a unha razoable dúbida sobre o seu significado ou alcance. Cando isto último suceda o procedente será permitir emendar o erro inicial en que se poida ocorrer ". admite a aplicación do trámite de corrección de defectos aos procedementos selectivos, non só respecto das omisións na solicitude inicial, senón en posteriores fases do procedemento, en concreto, tal e como se recoñeceu en sentenza de data 30 de decembro de 2009 ( rec. 1842/2007 ), na súa fase de concurso e en relación coa acreditación dos méritos alegados nel, máxime nun suposto como o presente, no que se evidenciou que as bases non foron todo o precisas e claras que deberían."*

*(Sentenza do Tribunal Supremo do 14 de xullo do 2011 ( rec. 5475/2009)*

*c) " Nestes casos, tutelamos as pretensións dos participantes en distintos procesos selectivos para o ingreso á función pública de que fosen tidos en conta os méritos que alegaban sempre que fosen aducidos e xustificados documentalmentemente no momento establecido aínda que esa xustificación debese ser aclarada ou emendada posteriormente. E dicir, en supostos semellantes a este. En todos eles consideramos excesivo e, por tanto, non acorde co principio de proporcionalidade, privar da valoración dun mérito a quen acreditara en tempo os aspectos substantivos do mesmo aínda que non satisfíxese algún dos meramente formais".*

*(Sentenza do 20 de outubro de 2015)*

Ao abeiro da dita doutrina, acórdase que se concederá un trámite de audiencia no que os aspirantes poderán formular alegacións e tamén achegar documentación para a subsanación dos méritos non xustificadas, por termo de 10 días laborais (art. 82 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



CONCELLO DE  
**CORISTANCO**

Avda. Finisterre, 112 - SAN ROQUE - TRABA  
15147 - CORISTANCO - A Coruña  
Tlf. 981 73 30 01 - Fax: 981 73 33 97 - correo@coristanco.gal  
www.coristanco.gal

**R. E. L. nº 01150294**

Con todo non se valorará méritos distintos aos achegados coas solicitudes de participación.

A continuación procédese a valoración dos méritos achegados polos aspirantes:

ASPIRANTE	SUBSANACION	ARQUITECTO	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	TOTAL	CELGA
XOAN MANUEL AMBOAGE PAZ		0	0,5	0	0,50	NO
MARIA BELEN ARES FERNANDEZ		2	0	0	2	SI
CESAR SANTIAGO BARTOLOME SIERRA		0	0,35	2,05	2,4	SI
JAVIER BELLO VILARIÑO		0	0,1	0,75	0,85	SI
ROSA ANA BRENLLA CABEZAS		0	1,75	1,375.	3,125.	SI
MARTA CAAMAÑO ALVARELLOS	No acredita homologación.	0	0,1		0,1	SI
JOSE IGNACIO CAGIAO CASTRO		0	1,9	3,925.	5,825.	SI
LAURA CALVELO CASTRO	No acredita horas del master de prevención	0	0,55	1,725.	2,275.	SI
ERNESTO FERNANDO CALVO PEREZ	No justifica tipo de jornada en Concello Camariñas . Aporte vida laboral	0	2,05		2,05	NO
BASILIO CANOSA DIAZ		0	1,65	4,55	6,2	SI
MARIO MIGUEL CARRIL VÁZQUEZ	No acredita experiencia laboral. No aporta documentación.	0	0	0	0	NO
PATRICIA CARRODEGUAS TRASANCOS		0	1,15	0,975.	2,125.	SI

Sendo as 15 horas a presidenta da por rematada a sesión e convoca para a celebración da seguinte sesión para continuar a valoración dos méritos para o día 29.10.2020 ás 9 horas.

En proba de conformidade asíñase na data e hora que figura neste documento electrónico